


O CORREO ELECTRÓNICO

Guía de competencias dixitais
básicas para a busca activa de
emprego



#SeguimosAdiante

Por que debería ter un correo electrónico?

1

Pola importancia das competencias dixitais

O dominio das competencias dixitais é un requisito cada vez máis estendido e solicitado para o acceso a calquera traballo. Ao dispoñer de correo electrónico amosas a túa competencia nesta materia.

2

Porque dá acceso a outros servizos para o emprego

Cada vez son máis os servizos para o emprego (e para a vida en xeral) aos que se pode acceder a través de Internet, tales como a **oficina virtual de emprego**, portais con ofertas de emprego ou cursos de formación para o emprego, pero para poder facer uso dos mesmos todos requiren ter un enderezo de correo electrónico.

3

Porque é un medio de contacto flexible e eficaz

O correo electrónico é económico (dispós de alternativas gratuítas), non require que esteas pendente en todo momento xa que as mensaxes quedan rexistradas, podes levalo no teu teléfono móbil e permite a comunicación desde calquera lugar con cobertura de datos a calquera hora.

A que servizos podería acceder cun correo?



No ámbito do emprego

Poderías renovar ou reactivar a túa demanda de emprego, modificar algúns datos da mesma, solicitar ou consultar citas de orientación laboral, presentar a túa candidatura a unha oferta de emprego ou solicitar praza nun curso de formación para o emprego do teu interese.



Para a túa vida en xeral

Pode darte acceso a multitude de servizos, desde o acceso á tenda de aplicacións no teu teléfono móbil a servizos de banca electrónica, subscrición a boletíns de novas do teu interese, creación de perfís en redes sociais...




XUNTA
DE GALICIA

Como crear un correo electrónico PASO A PASO

usando o servizo gratuíto Gmail (exemplo)

#SeguimosAdiante

1 Inicia a creación da conta



Accede no teu navegador a gmail.com

Crear unha conta

Na pantalla que aparece, selecciona a opción “**Crear unha conta**”

2 Decide o teu enderezo

Escolle un **Nome de usuario**

MOITO OLLO!

O nome de usuario será o teu enderezo de correo electrónico. **Escolle un nome "profesional"**, xa que será o que vexan as empresas ás que te dirixas por este medio. Se está dispoñible, usa o teu nome e apelidos, todo xunto ou separados por puntos.

Google

Crear a túa conta de Google

Ir a Gmail

Nome

Apelidos

Nome de usuario @gmail.com

Podes utilizar letras, números e puntos

Contrasinal

Confirmación

Utiliza 8 ou máis caracteres que inclúan unha combinación de letras, números e símbolos

Mellor inicia sesión

Seguinte

Unha conta con todos os servizos de Google á túa disposición.

Cando teñas todo cuberto, pulsa **Seguinte**

Indica un **Contrasinal**

3 Completa a configuración

Completa os datos de configuración

Nesta pantalla unicamente son obrigatorios os datos de **data de nacemento** e **sexo**. Os demais son campos voluntarios.

Google

Dámosche a benvinda a Google

Son.Emprego.Galicia@gmail.com

Número de teléfono (opcional)

Utilizaremos o teu número para protexer a túa conta e non se lle mostrará a ningún máis.

Enderezo de correo electrónico de recuperación (opc...)

Utilizaremos esta información para manter segura a túa conta

Día Mes Ano

O teu aniversario


Sexo

Por que solicitamos esta información?

Atrás **Seguinte**

Cando teñas todo cuberto, pulsa **Seguinte**

3 Completa a configuración



No fondo da páxina, acepta as **condicións do servizo**

Unha vez aceptes, pulsa en **Crear a conta** e xa dispós dun correo electrónico!



XUNTA
DE GALICIA

Comezando a utilizar o correo PASO A PASO


usando o servizo gratuíto Gmail (exemplo)

#SeguimosAdiante

5 Entra no teu correo

Para entrar ao correo ve a gmail.com, seleccionando a opción **iniciar sesión**, e introduce o teu nome de usuario e contrasinal.


Se accedes desde o teu computador, o programa xa lembra o teu nome de usuario, polo que **só deberás indicar o teu contrasinal** para acceder.



6 A túa bandexa de entrada

Cada vez que entres no teu correo, verás a túa **bandexa de entrada**, onde poderás ver todos os correos que tes recibido.

Nesta estrutura de cartafol podes acceder ás mensaxes **enviadas por ti**




Desde esta opción poderás **xestionar o teu perfil**, engadindo unha imaxe ou modificando a túa información persoal.

7 Envía unha mensaxe


Cada vez que entres no teu correo, verás a túa **bandexa de entrada**, onde poderás ver todos os correos que tes recibido.

Pulsa no botón **redactar**



8 Como escribir unha mensaxe

- 1 Indica o correo da persoa ou persoas ás que lle queres enviar a mensaxe.
- 2 Usa o asunto para indicar o motivo da túa mensaxe. **Non esquezas incluílo.**
- 3 O corpo do correo é onde escribes a mensaxe. Lembra sempre despedirte indicando **o teu nome.**
- 4 Unha vez revises o texto para ver que está correcto, pulsa **enviar.**




The screenshot shows an email composition window titled "Mensaxe nova". It has a dark header bar with window control icons. Below the header, there are fields for "A", "Cc", and "Cco |". Below these is the "Asunto" field. The main body of the email contains the following text:

A: Correo da principal persoa ou persoas destinatarias (podes incluír varias dunha vez).
CC (con copia): Correo de outras persoas que queres que estean informadas, polo que tamén recibirán a mensaxe.
CCO (con copia oculta): As persoas que indiques aquí recibirán o correo, pero as outras persoas destinatarias (tanto **A** como **CC**) non o saberán, xa que vai oculta

At the bottom, there is a blue "Enviar" button with a dropdown arrow, followed by icons for text formatting, attachments, links, emojis, images, video, and a trash icon.

9 Responde unha mensaxe



Se queres **responder** a unha mensaxe que estás lendo, podes facelo pulsando sobre esta **icona con forma de frecha**.




XUNTA
DE GALICIA

O teu correo electrónico no teu teléfono móbil

usando o servizo gratuito Gmail (exemplo)

#SeguimosAdiante

10 Instala a app de Gmail no teu teléfono



Na tenda de aplicacións do teu teléfono móbil, busca a **app de Gmail** (é gratuíta) e instálala.



iOS



Android




Windows

Nos teléfonos móbiles con sistema operativo **Android**, a app de Gmail xa ven preinstalada de fábrica, polo que só se require configurala.

Ao abríla por primeira vez pedirache o teu **nome de usuario e contrasinal**, e realizará a sincronización de mensaxes. Xa tes o correo no teu móbil!

11 Otras aplicaciones de correo electrónico






XUNTA
DE GALICIA

**Algúns servizos para o
emprego aos que podés
acceder co teu correo
electrónico**

#SeguimosAdiante


Oficina Virtual de Empleo da Xunta de Galicia

Acceder



OFICINA VIRTUAL

Accede a empleo.xunta.gal e pulsa sobre a opción de **Oficina Virtual**.


Máis información en empleo.xunta.gal
e no  Emprego Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Datos de acceso á Oficina Virtual de Empleo

Acceder




Para acceder á oficina virtual necesitas ter rexistrado un correo electrónico na túa demanda:



- **Se non tes o teu correo electrónico rexistrado na túa demanda de emprego**, ponte en contacto coa túa oficina de emprego para que o rexistren (deberá ser un correo persoal teu).
- **Se tes o teu correo electrónico rexistrado na túa demanda de emprego**, podes utilizalo como identificador e usar a opción **esquechiches o teu contrasinal?** para xerar un novo.

Servizos da Oficina Virtual de Emprego

Acceder



- 1 Solicitar cita previa nunha Oficina de Emprego.
- 2 Renovar a demanda de emprego e obter unha copia da tarxeta.
- 3 Consultar e modificar datos rexistrados na demanda. Solicitar informes asinados electrónicamente.
- 4 Buscar ofertas de emprego e presentarse como persoa candidata.
- 5 Buscar cursos de formación para o emprego e solicitar a túa participación, así como tamén obradoiros de emprego.



Dispoñible para dispositivos **Android** e **iOS** nas tendas de aplicacións respectivas.



iOS



Android

Descargar DARDE

Solicita cita previa

Renovación de demanda

Renova a demanda de emprego

EmpregoGalicia
#oteu**Empregomáispróximo**



XUNTA
DE GALICIA